

## **XORNADAS: A EUROPA NA GALIZA: LINGUA, HISTORIA, DIDÁCTICA**

### **DESCRICIÓN**

Cunha focaxe declaradamente didáctica, estas xornadas visan aproximar o alumnado da Universidade da Coruña da historia da Galiza na Idade Media, na primeira metade do século XVIII e na denominada Época Nós.

Son seleccionados estes tres períodos en virtude de que a cultura galega destes momentos está caracterizada tanto polo acompañamento das dinámicas xerais verificadas no conxunto da Europa como, sobre todo, pola contribución decidida e innovadora da Galiza ao acervo común europeo, tal como exemplifican a lírica trobadoresca galego-portuguesa medieval, o Barroco de Placas compostelán na Ilustración, ou a expresión da vangarda internacional e a incorporación no seu seo da tradición medieval nas primeiras décadas do século XX.

Con estas xornadas pretendemos contribuír, en último termo, para a abordaxe de métodos, ferramentas e estratexias didácticas que posibiliten un máis amplo coñecemento da historia da Galiza en relación co espazo europeo en que se integra, así como para a mellor comprensión do valor e da utilidade individual e colectiva dos materiais culturais con que é construída a comunidade europea máis occidental, especialmente (que non unicamente) da lingua galega.

**DIRECCIÓN E ORGANIZACIÓN:** Servizo de Normalización Lingüística - [snl@udc.es](mailto:snl@udc.es)

**COORDINADORES/AS:** Roberto López-Iglesias Sanmartín (Facultade de Filoloxía) – Xulio Pardo de Neyra Fernández (Facultade de Ciencias da Educación) - Cilha Lourenço Modia (Facultade de Filoloxía) e Elvira Souto (Facultade de Ciencias da Educación)

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Educación, campus de Elviña

### **INSCRICIÓN**

Gratuíta, a través do formulario que se publica xunto co programa, no correo electrónico: [xpardodenevra@udc.es](mailto:xpardodenevra@udc.es)

O prazo de inscrición remata o xoves 12 de novembro de 2009.

Está solicitado un crédito de libre configuración para o alumnado da UDC que asista a esta actividade.

Para obter o diploma de asistencia será preciso acudir ao 90% das conferencias programadas.

## PROGRAMA

**Xoves, 19/11/2009:**

**10:00- 11:00 Inauguración das Xornadas**

**Anselmo López Carreira**

“A Galiza na Idade Media”

**11:00-12:00** Coloquio

**12:00-13:00 Ramón Mariño**

“Disposicións oficiais e alcance real da castelanización na Galicia do século XVIII”

**13:00-14:00** Coloquio

**16:00-17:00 Uxío Breogán Diéguez Cequiel**

“A Galiza dos *ismos*. A Época Nós”

**17:00-18:00** Coloquio

**18:00-20:00 Cilha Lourenço-Xulio Pardo de Neyra**

“Estratexias e recursos didácticos. Exposición, análise e debate”

**Venres, 20/11/2009:**

**10:00-11:00: Pepe Carreiro**

“Lingua e historia nas artes visuais”

**11:00-12:00** Coloquio

**12:00-14:00** Proxección

**16:00-17:00 Quico Cadaval-Santi Romay**

“Lingua e historia nas artes escénicas”

**17:00-19:00** Representación

**19:30-20:30 Conferencia de clausura**

**Xosé Ramón Freixeiro Mato**

O período de normalidade da lingua galega